



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**CPI PONTE CARREIRA**

Rúa do Ensino s/n Gafoi 15686 Frades

☎ 881880671 – 881880672

[cpi.ponte.carreira@edu.xunta.gal](mailto:cpi.ponte.carreira@edu.xunta.gal)

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpipontecarreira>

# **PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO**

**2022-2026**



**Aprobado: 26 xuño 2009**

**Actualizado: 5 xullo 2023**

## ÍNDICE

- 1.- Introducción
- 2.- Marco legal
- 2.- Análise sociolingüística do contorno e aproximación á realidade do centro.
- 3.- Obxectivos
- 4.- Linguas que se empregan nas áreas e materias non fixada na lexislación
- 5.- Medidas de apoio e reforzo para un correcto uso escolar e educativo (fomento do plurilingüismo)
- 6.- Criterios para fixar a lingua predominante do contorno
- 7.- Medidas adoptadas para que o alumno que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas impartidas
- 8.- Actividades que se van organizar para a dinamización da lingua galega

## 1.- INTRODUCCIÓN

O presente Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) foi elaborado no curso 2008-2009, baseándonos no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

Actualízase anualmente con addendas nas que se recollen os cambios con respecto ao curso anterior.

No curso 2018-2019 foi revisado e actualizado, tomando como base o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Neste curso escolar, 2022-2023, volvemos revisalo e actualizalo tendo como base o Decreto 79/2010, do 20 de maio.

## 2.- MARCO LEGAL

Tomamos como base a seguinte lexislación:

O **artigo 3 da Constitución Española** establece, no punto 1, que o castelán é a lingua oficial do Estado e, no punto 2, que as demais lingua españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección

O **Estatuto de Autonomía de Galicia**, no artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia, que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Establece tamén que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A **Lei 3/1983 de Normalización Lingüística** garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade. No seu **artigo 14** indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

Nesta mesma liña, dende unha perspectiva global, tamén se pronuncia a **Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias** de 1992, ratificada polo Goberno español.

O **Plan Xeral de Normalización da lingua galega**, 2004, establece como una dos obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso; tamén lle dá prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos.

O **Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario** regula a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo e ten como obxectivo garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua/s estranxeira/s.

**Instrucións** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio.

### 3.- ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CONTORNO E APROXIMACIÓN Á REALIDADE DO CENTRO.

#### Localización do centro

O CPI Ponte Carreira está situado no concello de Frades, a uns 20 km da capital galega. O centro está emprazado no medio rural e acolle escolares de infantil, primaria e secundaria. Actualmente están matriculados un total de 151 alumnos, 21 de educación infantil, 87 de primaria e 43 de secundaria.

O claustro está formado por 27 docentes, 13 pertencentes ao corpo de infantil e primaria e 14 ao de secundaria. Tamén traballan no centro unha administrativa, un conserxe, tres cociñeiras e tamén persoal de limpeza e colaboradoras de comedor.


Así mesmo, contamos cunha ANPA que colabora activamente co centro.

#### Situación sociolingüística do entorno

A presenza da lingua galega no contexto físico e social é permanente. A lingua maioritaria falada nos fogares é o galego, tanto entre os pais e avós, coma nas interaccións cos fill@s; non variando as porcentaxes.

Nos últimos tempos está aumentando a poboación procedente non só de fóra de Galicia, senón tamén de fóra de España o que “favorece” o uso do castelán; non en tanto, esta poboación manifesta un alto interese por aprender e empregar a nosa lingua. Así, a lingua habitual de comunicación nos fogares do concello é o galego, habendo unha mínima porcentaxe nos que predomina o castelán.

**Lingua falada nos fogares**




O concello de Frades emprega o galego en todos os eidos, sendo o galego tamén a lingua que empregan as entidades asociativas do contorno.


### Situación sociolingüística do alumnado

A día de hoxe están matriculados no centro un total de 151 alumn@s, repartidos en tres etapas educativas: infantil (21), primaria (87) e secundaria (43).


Para comezar hai que sinalar o lugar de nacemento do alumnado, pois 2 deles naceron fóra de Galicia en España e 3 fóra de España



A lingua inicial ou materna do alumnado, é dicir a lingua que os pais lles transmiten aos seus fillos cando estes aprenden a falar é maioritariamente o galego. A maioría deles proceden de familias galego-falantes e manifestan que usan o galego como lingua habitual. A porcentaxe de castelán correspóndese coas familias procedentes de fóra de Galicia.




En canto á lingua empregada acotío, o galego é a lingua habitual maioritaria.




Podemos salientar aquí que o 84% do alumnado aprendeu a falar o galego na familia, un 13% na escola e un 3% cos amigos.

Porcentaxes similares manifestan tamén a presenza de uso da lingua galega no eido escolar e nas interaccións comunicativas cos amigos, non habendo diferenzas entre as idades.




Tendo en conta as destrezas básicas (entender, falar, ler e escribir) que determinan o nivel de competencia lingüística, o alumnado manifesta alto grado para entender e falar o galego, mentres que o nivel de competencia diminúe algo na escritura e na lectura.


**Competencia lingüística 8-16 anos**



As familias do alumnado de infantil e 1º e 2º de primaria foron preguntadas en que idioma lían e escribían os seus fillos e os resultados manifestan porcentaxes similares para a lingua galega, agás para a lectura onde se aprecia un descenso importante na nosa lingua.



Estas familias tamén foron preguntadas en que idioma preferían ver debuxos, xogos,... e os resultados amosan unha preferencia polo castelán se ben é certo que a case a metade élle indiferente o idioma.





En canto aos usos lingüísticos, os datos xerais indican que a maior parte do alumnado responde en galego cando lle falan en galego, mentres que a porcentaxe que manifesta responder en castelán é mínima. E unha porcentaxe do 17% manifesta que a persoa coa que falan condiciona a responder nunha ou noutra lingua cando lle falan en castelán, mentres que o un 76.1% manifesta responder en galego.


En xeral, as actitudes cara a aprendizaxe e a potenciación do uso do galego son positivas. E a práctica totalidade das familias e do alumnado está a favor da potenciación da lingua galega, un 94.3%, mentres que a un 5.7% élle indiferente.

### **Situación sociolingüística do profesorado**


O centro conta cun total de 27 profesores pertencentes aos corpos de infantil, primaria e secundaria, pero dous deles non cumprimentaron a enquisa polo que os resultados obtidos correspóndense con 25 docentes. Todos eles son de procedencia galega, 10 de aldea, 7 de vila e 8 de cidade.

A lingua na que aprendeu a falar a maioría do profesorado é o galego, un 60%, mentres que un 32% manifesta que o fixo en castelán. Un 4% fíxoo nas dúas lingua e outro 4%, que se corresponde con un docente, en lingua francesa.

En canto á lingua que fala habitualmente o profesorado podemos salientar unha certa preferencia da lingua galega, se ben é certo que existe unha porcentaxe dun 28% que manifesta predominio do castelán. O 42% que fala castelán manifesta que o fai así porque presenta falta de fluidez e un 32% por proceder dun ambiente castelán falante.



A lingua que emprega o profesorado no centro educativo depende da situación na que se atope: na aula, cos compañeiros e nas conversas informais co alumnado. Constátase un uso maioritario do galego, tanto na vida cotiá coma no eido escolar, así coma un alto nivel de capacitación para empregar o galego na actividade docente e cunha boa actitude cara a utilización do galego no eido educativo; a labor docente realízase tendo a lingua galega como referente de importancia.



A percepción que o profesorado ten da súa capacidade para empregar o galego na aula é media-alta, e a súa disposición para actualizarse é maioritariamente boa ou plena, se ben un 16% manifesta presentar pouca disposición a actualizarse.

Nos valores referentes a actitudes respecto do idioma non detectamos prexuízos arredor do mesmo, sendo en xeral positivas. En relación ao proceso de normalización, plurilingüismo e lexislación tampouco se atopan atrancos.

O galego é a lingua habitual que o profesorado emprega nas conversas mantidas coas familias, co alumnado e co persoal non docente. Isto non impide que na linguaxe “coloquial” o castelán teña tamén a súa presenza, derivada de opcións persoais de cadaquén.

### **Situación lingüística do centro**

O galego é a lingua de comunicación oficial coas familias, tanto na manifestacións orais coma nas escritas.

O galego é tamén a lingua vehicular dos usos administrativos. Xérase toda a documentación escrita en galego, tanto interna como pública. Oficios, convocatorias, certificados, documentos de relación coas familias e coa administración e institucións,... e demais documentos oficiais están redactados en galego.

En galego tamén está todo o rotulado do centro e as notas informativas dos taboleiros.

Na comunicación co alumnado alérnase o uso do galego e o castelán, pero maniféstase un predominio no uso da lingua galega.

O persoal non docente emprega o galego.

Os integrantes da ANPA son tamén galegofalantes e empregan a lingua galega nas actividades que organizan.

Nas actividades complementarias e extraescolares úsase maioritariamente o galego, tanto para convocatorias, avisos, anuncios,... como no seu desenvolvemento.

As persoas, colectivos, institucións,... alleos á vida escolar que participan nas actividades (obradoiros, actuacións,...) acostuman empregar o galego.

A lingua galega tamén ten unha presenza relevante na uso das tecnoloxías de información e da comunicación.

En canto ao uso das linguas oficiais de Galicia no ensino cúmprese o establecido no Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

### 3.- OBXECTIVOS

#### Obxectivos xerais:

- ✓ Transmitir a conciencia da situación de privilexio lingüístico que aporta pertencer a unha comunidade de dúas lingua oficiais, que nos sitúa na pirámide da realidade sociolingüística mundial (téñase en conta que das seis mil lingua que existen, só oito son faladas por cen millóns de persoas e nós temos dúas entre elas).
- ✓ Desfacer o preconceito de que o galego é unha lingua minoritaria, xa que segundo o Instituto Galego de Estatística, temos tres millóns de persoas que falan ou saben falar o galego. (no mesmo grupo están tamén o albanés, lituano, sueco, búlgaro, bielorruso e finés, lingua nacionais e oficiais dos seus países que viven, en parte, da creación de cultura e produción de coñecementos no seu idioma).
- ✓ Incidir, aclarar, explicar,... que a produción sempre é local; só a distribución pode ser internacional. Á súa vez, o home sempre crea partindo do seu mundo, só dende a asunción do seu ser pode ser universal. Na externalización dos seus proxectos, coñecementos, empresas,... no día de mañá, seralles de extraordinaria axuda o coñecemento de diferentes lingua (galego, castelán, inglés, frances,...)
- ✓ Priorizar a mellora da competencia formal na oralidade da lingua propia e o rexistro coloquial en castelán.
- ✓ Fomentar o equilibrio na competencia lingüística nas dúas lingua oficiais da comunidade, asegurando a normalización do galego e promovendo a competencia nas lingua estranxeiras do centro: inglés e francés.
- ✓ Seguir mantendo hábitos lectores e gusto pola lectura
- ✓ Facilitar o achegamento ás producións do mundo audiovisual de última hora e os contactos habituais na rede na diferentes linguas. Dun xeito máis específico co centro de documentación da AELG, onde aparecen os autores na súa voz, falando da súa escrita e da literatura en xeral.
- ✓ Seguir mantendo a relación coas familias, coa comunidade e co contorno para mellorar a competencia en comunicación lingüística.

**Obxectivos específicos:**

- ⇒ Manter o uso xeralizado da lingua propia do país, tanto a nivel oral coma escrito, e reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos.
- ⇒ Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua galega, e incrementar a asociación de valores positivos á lingua galega que a fagan percibir como lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.
- ⇒ Fomentar a coexistencia harmónica e respectuosa entre as dúas linguas oficiais da comunidade.
- ⇒ Fomentar o respecto e coñecemento das outras linguas oficiais da Península.
- ⇒ Fomentar e facilitar a integración sociolingüística e escolar de alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros con nulo ou insuficiente dominio nunha ou nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- ⇒ Fomentar a aprendizaxe das linguas estranxeiras no noso currículo a través de intercambios, proxectos educativos bilingües e plurilingües e viaxes didácticas.
- ⇒ Fomentar o emprego de textos na súa lingua orixinal, sempre que isto sexa posible.
- ⇒ Conseguir unha mellora da competencia lingüística e unha valoración positiva do uso da lingua entre os membros da comunidade educativa.
- ⇒ Empregar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva cos iguais e coas persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.
- ⇒ Mellorar a atención á diversidade, con respecto á competencia lingüística, tanto do alumnado doutras procedencias como alumnado con NEE.
- ⇒ Mellorar a competencia comunicativa tanto nos aspectos lingüísticos (expresión e comprensión oral e escrita) como nos sociolingüísticos e pragmáticos, facendo que esta mellora chegue ás áreas lingüísticas e non lingüísticas.

#### 4.- LINGUAS QUE SE EMPREGAN NAS ÁREAS E MATERIAS NON FIXADAS NA LEXISLACIÓN.

Seguindo o **Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario** no noso centro:

- ✓ Na etapa de **Educación Infantil**, empregase o galego; pois esta é a lingua materna predominante e tamén a lingua do contorno. Ao mesmo tempo garántese a adquisición do coñecemento, tanto oral coma escrito, da lingua castelá, sempre dentro dos límites propios desta etapa educativa. Tamén contamos con tres sesións semanais de 25 minutos de inglés. En canto á aproximación á lectoescritura terase en conta a lingua materna de cada alumno, agás nos casos en que se trate de actividades ou traballos de carácter grupal nos que primará a lingua vehicular indicada anteriormente, é dicir o galego. As actividades para adquisición da outra lingua estranxeira estableceranse nas programacións de aula.
- ✓ Na **Educación Primaria** é xeralizado o uso do galego. As materias de lingua impártense nas respectivas linguas; na lingua estranxeira emprégase o galego para explicacións puntuais. O resto das materias repártense do seguinte xeito:

| EN GALEGO            | EN CASTELÁN                                |
|----------------------|--|
| Ciencias da natureza | Matemáticas                                |
| Ciencias sociais     | Relixión / Proxecto competencia            |
| Música e danza       | Educación plástica e visual                |
| Educación física     | Educación en valores cívicos e éticos (6º) |

- ✓ Na **Educación Secundaria Obrigatoria** tamén é xeralizado o uso do galego. As materias das lingua impártense nas respectivas linguas; nas linguas estranxeiras para guiar determinadas explicacións a lingua empregada é o galego en inglés e o castelán en francés. O resto das materias repártense do seguinte xeito:

| EN GALEGO                                       | EN CASTELÁN                              |
|---|--|
| Bioloxía e xeoloxía                             | Educación física (3º e 4º)               |
| Xeografía e historia                            | Matemáticas                              |
| Relixión católica                               | Educación plástica, visual e audiovisual |
| Valores éticos                                  | Física e química                         |
| Música  | Tecnoloxía (2º)                          |
| Promoción de estilos de vida saudables          | Educación dixital                        |
| Proxecto competencial (1º e 3º)                 | Tecnoloxía-dixitalización (1º)           |
| Educación en valores cívicos e éticos (2º e 4º) |  |
| Educación físicas (1º e 2º)                     |  |

Tanto nas materias de obrigado cumprimento coma no resto de materias impartidas en lingua galega, emprégase con carácter xeral o galego nas manifestacións orais e escritas.

Por manifestacións orais entendemos: intervencións, exposicións, resolución de dúbidas,... ou calquera outra derivada da impartición da materia correspondente. Por manifestacións escritas enténdese: actividades, exercicios, traballos de lectura, exames,... ou calquera outra derivada da impartición da materia correspondente.

## 5.- MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO ESCOLAR E EDUCATIVO (fomento do plurilingüismo).

A lingua vehicular do noso centro é o galego. O feito sociolingüístico e o marco legal vixente, ademais de determinar un sistema educativo bilingüe (dado que a nosa Comunidade conta con dúas linguas oficiais) avoga polo fomento do plurilingüismo. Deste xeito o noso centro establece a lingua inglesa como primeira lingua estranxeira en todas as etapas educativas (Infantil, Primaria e E.S.O.) e oferta o francés como segunda lingua estranxeira (E.S.O.); feito este que determina o carácter plurilingüe do noso centro.

O galego é pois a lingua vehicular en todos os eidos da comunidade educativa, tanto a nivel oral coma escrito, procurándose ao mesmo tempo unha boa competencia en castelán e a iniciación no dominio das linguas estranxeiras: inglés (primeira lingua estranxeira) e francés (segunda lingua estranxeira).

Dado o contorno no que se atopa o noso centro, un contorno galegofalante o obxectivo final é que o alumnado manteña e consolide a súa competencia en galego, ao tempo que acadar unha boa competencia en castelán. Así pois, o proceso a seguir para acadar este dobre obxectivo é o seguinte:

Na Educación Infantil iniciamos a escolaridade na lingua materna, é dicir en galego; paulatinamente imos introducindo a segunda lingua no seu uso oral e, dado que contamos con proxecto de anticipación de lingua inglesa no segundo ciclo de educación infantil, incorporamos tamén o inglés.

Na Educación Primaria pretendemos equiparar as linguas empregadas nas diferentes materias (galego e castelán), e seguimos potenciando, na súa medida, a familiaridade e fluidez na primeira lingua estranxeira: o inglés.

Na Educación Secundaria Obligatoria pretendemos que os alumnos e alumnas se expresen indistintamente e coa mesma facilidade en galego e castelán; tamén procuraremos que teñan un maior dominio do inglés (que o manexo desta lingua sexa cada vez máis fluído) á vez que se inicien e interesen nunha segunda lingua estranxeira: o francés.

O que pretendemos lograr é:

- ❑ Que os alumnos empreguen indistintamente o galego e o castelán.
- ❑ Que os alumnos incorporen o gusto polo coñecemento doutras linguas e unha disposición de respecto e tolerancia.



- ❑ Ao acabar a escolaridade obrigatoria, os alumnos se expresen correctamente nas distintas linguas.
- ❑ Que aprecien e valoren as distintas linguas, disfrutando igualmente da utilización de todas e que estean abertos á aprendizaxe doutras linguas, coma o francés.

Debemos, pois, desenvolver competencias comunicativas; para elo hai que ser conscientes de que a elas contribúen todos os coñecementos e experiencias lingüísticas nas que as linguas se relacionan entre si e interactúan. Os conceptos e procedementos de aprendizaxe lingüístico pódense transferir dunha lingua a outra, polo que o que se pretende é o desenvolvemento dun currículo integrado das linguas incluída a materna.

Tomando, pois, como obxectivo o fomento do plurilingüismo acordamos unha serie de medidas para a adquisición das destrezas programadas:

- ❑ O alumnado comunícase habitualmente en galego, pero traballaremos para consolidar unha competencia plena na súa lingua, sobretudo na súa dimensión oral, favorecendo dende a aula as intervencións orais planificadas.
- ❑ Iniciar a aprendizaxe dunha lingua de xeito oral e posteriormente a nivel escrito, seguindo un proceso natural e a medida que imos avanzando nas etapas educativas.
- ❑ O dominio dunha lingua é unha chave que abre un mundo, un soporte de saber, de cultura,... e ben compensa o esforzo da súa aprendizaxe.
- ❑ Proxecto de anticipación da lingua inglesa en Educación Infantil.
- ❑ Usar as linguas maternas e non maternas no ensino das materias do currículo.
- ❑ Fomento de intercambios do alumnado e do profesorado, en situacións de comunicación reais en diferentes linguas.
- ❑ Participación dos centros en Proxectos Europeos.
- ❑ Traballar simultaneamente e na medida do posible os mesmos bloques de contidos en todas as linguas; sobre todo nos primeiros anos de escolaridade, para que os coñecementos se reforcen e transfiran entre as distintas linguas.
- ❑ Dedicamos un tempo semanal, nas distintas áreas, á expresión oral nas diferentes lingua: contar experiencias, resumo de textos,...
- ❑ Dinamizar as bibliotecas escolares como espazo educativo para o fomento da lectura e a mellora das competencias lingüísticas.

Outras medidas que levaremos a cabo, adaptándoas á etapa educativa na que nos atopemos son:

- ❑ Uso das TIC para ter acceso a documentos sonoros auténticos (radio en directo).
- ❑ Visionado de filmes que poidan ser chave para acceder a un periódico histórico concreto, a un acontecemento social específico ou a unha cosmovisión singular das distintas culturas da que son soporte as linguas estudadas.
- ❑ Audición de poemas recitados e musicados nas distintas linguas.
- ❑ Uso das TIC para traballos en autonomía (webquest)
- ❑ Uso da biblioteca escolar como centro de recursos para desenvolver as competencias orais e escritas (CD, DVD, CD-rom, libros,...)
- ❑ Consulta / participación en foros, lectura en soportes dixitais.
- ❑ Creación dun blog interdisciplinar (produccións propias nas catro linguas).
- ❑ Incorporar ao alumnado á rede como provedores de información. Buscaremos que na aula se leven a cabo, desde as distintas materias, pequenas investigacións ou obras de creación propia que poidan levar á rede.
- ❑ Ilustración de distintas obras literarias nas distintas linguas, previa selección guiada de textos.
- ❑ Exposicións sobre temas sociais, culturais que sexan noticia, dándolle preferencia a grupos musicais por ser este un tema do seu interese.


Dada a ubicación do centro, este é o único lugar de aprendizaxe da lingua francesa e inglesa (e a súa biblioteca escolar é o único centro de recursos) de toda a comarca para o alumnado; este dato ímolo ter presente en todo momento.

Velaremos para que todo o alumnado que o precise reciba as atencións necesarias para acadar un dominio da lingua galega e castelá e a competencia axeitada nas linguas estranxeiras.

## 6.- CRITERIOS PARA FIXAR A LINGUA PREDOMINANTE DO CONTORNO.

Para determinar a lingua do contorno seguimos o establecido no Artigo 5, punto 2, do Decreto 79/2010, modificado pola Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este. Deste xeito, esta lingua será determinada polo centro en base aos seguintes criterios:

- Resultado da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do/a alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo.
- Realidade sociolingüística co contorno.
- Garantía da presenza das dúas lingua cooficiais como vehiculares na programación anual do centro e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas.
- Datos achegados polos alumnos, mediante enquisas realizadas periodicamente por parte do centro.
- Observación da realidade.



Partindo destes criterios podemos determinar que a lingua materna do alumnado de infantil é o galego, tal e como amosan os resultados obtidos na enquisa pasada ás familias.

A lingua empregada pola familias e, case na totalidade o galego; dato que se repite se facemos referencia á lingua empregada polo alumnado na súa vida cotiá e no eido escolar.

## **7.- MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSEINANZAS IMPARTIDAS.**

Un dos obxectivos propostos no Decreto 79/2010 é que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, teña un coñecemento e competencia similar nas dúas linguas oficiais da nosa comunidade.

Para acadar este obxectivo faise preciso artellar unha serie de medidas e estratexias para que, aqueles alumnos, que presentan dificultades nalgunha destas linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas impartidas.

En xeral, os contidos que se traballan no ensino destínanse cara un teórico nivel medio, pero é imprescindible ter en conta a diversidade do alumnado, que leva aparelhada unha diversidade na adquisición das aprendizaxes. Por iso a flexibilidade e variación nas actividades de traballo propostas vainos permitir manter unha dinámica progresiva co conxunto do alumnado, pero sen deixarmos de recoñecer topes diferentes segundo a súa capacidade.

Cada docente debemos realizar os apoios, reforzos e/ou adaptacións curriculares precisas para poder incorporar ao traballo aos alumnos e alumnas con dificultades.

Faise necesaria a realización dunha avaliación inicial para obter unha información básica de partida que permita presentar unha serie de obxectivos mínimos.

Con respecto ás actividades de ampliación, non se incluírán no libro como tales, pois dos textos incluídos no libro poderanse tirar facilmente outro tipo de actividades diferentes e complementarias das propostas. Con todo, o alumnado disporá dun caderno con actividades de reforzo e/ou ampliación. Non todo o alumnado está dotado das mesmas capacidades, nin ten a mesma motivación nin posúe o mesmo ritmo de aprendizaxe.

Por esta razón é necesario reflectir no Proxecto Curricular as medidas que se poden tomar para que a aprendizaxe sexa o máis individualizada posible.

O ensino ten que ter presente que as diferencias que hai entre o alumnado impiden acadar obxectivos idénticos. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e

comúns, hai que considerar a necesidade de dispor de métodos de ensino alternativos segundo a diversidade do alumnado e segundo o ritmo de aprendizaxe.

Partindo do Proxecto Curricular elaborado por cada ciclo (E.P.) e por cada departamento (E.S.O.), haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender á diversidade do alumnado. Para iso delimitaranse os obxectivos mínimos que se queren lograr co alumnado e que lles permitan continuar a aprendizaxe. Unha vez decidido, hai que ter en conta diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Algúns poderían ser, sempre adaptadas á individualidade de cada discente e á etapa educativa na que se atope:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada discente.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
  - Programar actividades de reforzo
  - Propor actividades de ampliación para alumnos e alumnas con maior autonomía e capacidade.
  - Propor actividades con distinto grado de estruturacións, segundo a capacidade do discente.
  - Programar actividades secuenciadas segundo o grao de complexidade que permitan traballar os mesmos contidos pero con esixencias distintas.
  - Propor actividades individuais e colectivas.
- Organizar grupos de traballo flexibles.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.
- Confección de material, por parte dos docentes, axeitado aos niveis lingüísticos individuais.
- Realización de traballos apropiados encamiñados á adquisición e fixación de estruturas básicas das linguas.
- Propiciar coloquios sobre temas do seu interese para lograr unha maior fluidez oral.
- Ler textos seleccionados que faciliten a familiarización coas estruturas básicas e coa semántica así como a velocidade lectora.

- Entrega de bibliografía complementaria apropiada para facilitarlle o acceso aos contidos establecidos na programación. En ningún caso esta bibliografía suplantarán os manuais ou libros de texto referenciados na programación para o curso.
- Especial atención, por parte do profesorado, ás dúbidas de comprensión e expresión idiomática, tanto no referido ás explicacións do profesor como ás que resultan da lectura de textos e realización de exercicios ou actividades.
- Exercicios complementarios de gramática que inciden nas habituais carencias que presenta o alumnado e que axudan a reforzar os coñecementos adquiridos en cursos anteriores: acentuación, léxico, puntuación, morfoloxía, semántica,... tendo en conta os límites propios de cada etapa e cada ciclo.
- Lectura de textos guiados mediante preguntas.
- Axudas puntuais por parte do docente.
- Variación na composición dos grupos de traballo para conseguir axuda dos compañeiros cos que empatizan máis: en traballos individuais suxeriráselles que traballen acompañados.
- Agrupamentos específicos en E.S.O.

Contemplantase unha metodoloxía que favoreza a presentación de actividades abertas para que cada quen as realice segundo as súas posibilidades.

Non podemos esquecernos que a finalidade da escolaridade obrigatoria é a consecución dun alumnado autónomo, que poida continuar os seus estudos superiores. Para lograr isto hai que contribuír ao desenvolvemento integral da persoa, fomentando a súa integración nunha sociedade multicultural que coñece e estima a súa propia cultura e a dos outros.

## 8.- ACTIVIDADES QUE SE VAN ORGANIZAR PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Neste colexio crese na potenciación da autoestima persoal e social, e a valoración real do medio, das tradicións, da cultura e da vida galegas, en todas as súas manifestacións, como clave para conquistar unha lingua viva na que a comunicación acade o seu máis pleno e fondo significado. Será así como o alumnado poderá valorala e considerala como a axeitada para poder ser empregada en todas as súas vivencias persoais e sociais.

Neste sentido, o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, establece unha serie de actividades encamiñadas á potenciación dunha lingua cada vez máis correcta e cultivada e ó coñecemento da realidade galega, tanto na actualidade como ó longo da súa historia, permitindo a superación da infravaloración que poida existir na comunidade educativa no seu conxunto e contribuíndo á súa dignificación.

Os nosos obxectivos xerais, que se concretan anualmente nos proxectos de fomento do uso do galego, son:

- ✓ Valorar a lingua galega como propia.
- ✓ Valorar as variedades sociais e xeográficas da lingua galega.
- ✓ Considerar a pluralidade lingüística como riqueza persoal.
- ✓ Concibir a lingua galega como un instrumento de comunicación.
- ✓ Potenciar a expresión oral.
- ✓ Fomentar a expresión escrita na lingua galega.
- ✓ Recuperar o noso vocabulario.
- ✓ Dignificar e prestixiar a nosa lingua en todos os niveis.

A nosa liña prioritaria de actuación é traballar en colaboración con todos os equipos e departamentos do centro, de xeito que o galego estea presente, dun ou doutro xeito, en todas as actividades que se realicen no centro.

Así pois, de cara a dinamización e dignificación da nosa lingua, propoñemos as seguintes actividades:

- ⇒ Mantemento do taboleiro de normalización do galego. Trátase dun espazo aberto no que se busca a colaboración de toda a comunidade educativa no que inserir todo tipo de noticias, comentarios, viñetas,... que teñan que ver

coas actividades do EDLG e, en xeral, coa normalización e o avance do galego.

- ⇒ Proporcionarlle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes.
- ⇒ Adquisición de material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e lúdico-didáctico impreso, gravado ou elaborado en galego.
- ⇒ Realización de actividades apropiadas no uso das novas tecnoloxías, así como actividades de creación por parte do alumnado empregando estas tecnoloxías.
- ⇒ Realización de visitas culturais e educativas para participar en actividades organizadas dende o centro, o concello ou outros organismos.
- ⇒ Crear espazos para a exposición de materiais que se vaian facendo nas diferentes aulas.
- ⇒ Realizar publicacións que recuperen informacións sobre tradicións da zona (canción, lendas,...).
- ⇒ Organización de representacións teatrais, obradoiros, mesas redondas, títeres,...
- ⇒ Confección e edición da revista escolar RETALLOS DO PONTE. Contando coa colaboración de todo o alumnado do centro.
- ⇒ Realización de actividades relacionadas cos xogos populares.
- ⇒ Desenvolvemento de actividades en torno ás festividades galegas: magosto, entroido, maios, letras galegas,...
- ⇒ Colaboración cos EDLG da zona para intercambiar materiais, ideas, experiencias,... e co servizo de Normalización Lingüística da Mancomunidade de Ordes.
- ⇒ Realización de rotas da natureza e do patrimonio natural. Trátase de realizar rotas por lugares de interese paisaxístico e/ou patrimonial do concello de Frades e arredores para coñecer a toponimia, fauna, flora e elementos de carácter patrimonial.
- ⇒ Encontros con autores e outras “xentes” destacadas da nosa cultura, colaborando dun xeito especial do Equipo de Biblioteca e o Departamento de Lingua e Literatura Galega.



- ⇒ Asistencia a espectáculos teatrais, conferencias, recitais poéticos, exposicións,... e participación nos mesmos.
- ⇒ Intercambios culturais con centros doutras zonas de Galicia.
- ⇒ Participación no correlingua. Consiste en participar na carreira e no acto público posterior. Realizaremos actividades previas que posibiliten o coñecemento, acceso, a través das TICS, á creación musical actual galega e incidir na motivación previa do alumando posibilitando a súa capacidade de influír na definición do acto músico-escénico final.
- ⇒ Ciclo de cine galego. Proxección trimestral dun filme galego, cunha brevísima introdución previa.
- ⇒ Concursos de creación, programas educativos, actividades culturais, certames,... organizados no centro ou por diferentes entidades, que teñen como soporte lingüístico o galego.
- ⇒ Fomento do uso da biblioteca e a lectura de libros en galego.
- ⇒ Fomento da oralidade.
- ⇒ Promoción daquelas actividades culturais normalizadoras que poidan xurdir ao longo do curso dende o centro, o concello, outras entidades e institucións ou por iniciativa particular.
- ⇒ Asesoramento á comunidade educativa no que se refire a cuestións lingüísticas para mellorar a normalización e normativización do centro.

Este **PROXECTO LINGÜÍSTICO** foi informado favorablemente e aprobado por unanimidade polo Consello Escolar na súa reunión do 5 de xullo de 2023.

Vº e Pr.

A directora

O secretario

Asdo: María Teresa García Pampín

Asdo: David Gianzo Busto

**Ponte Carreira, 5 de xullo de 2023**

